

Para traballar a Campaña Mundial pola Educación, aproveita...

as pegadas dos contos

usando a literatura para traballar os contidos da aula

A Campaña Mundial pola Educación, baixo o lema Sumemos capacidades. Polo dereito a unha educación inclusiva", reivindica en todo o mundo o dereito de nenos e nenas con necesidades educativas especiais a recibir unha educación de calidade, sen discriminación e sobre a base da igualdade de oportunidades, tal e como queda reflectido na Convención sobre os Dereitos das Persoas con Minusvalía.

Ademais, pon de manifesto o valor que a educación inclusiva achega a toda a sociedade no seu conxunto, xa que reduce os niveis de pobreza e favorece o desenvolvemento.

No mundo, 93 millóns de nenos e nenas teñen algún tipo de minusvalía, o que supón menos posibilidades de finalizar os seus estudos e unha das causas das maiores causas de marxinación e exclusión na educación. En Burkina Faso, ter unha minusvalía aumenta en dúas veces e media o risco de que nenos e nenas non vaian ao colexio e en Nepal, o 85% dos nenos e nenas non escolarizados teñen algún tipo de minusvalía. En demasiadas ocasións, a poboación infantil con necesidades educativas especiais é a grande esquecida á hora de reclamar o dereito á educación. Forman o colectivo máis marxinado e excluído da educación. Esta desigualdade acentúase en países de renda media e baixa. Recoñécese ademais, que as mulleres e nenas con minusvalía experimentan múltiples desvantaxes, sendo obxecto dunha dobre exclusión.

[\(ler máis\)](#)

O oso fabuloso *(Adaptación de José Antonio Abad do conto orixinal de Anisia Mirand. Kalandraka)*

Tema do conto: A importancia de ir o colexio para aprender a facer cousas

Nivel proposto: **INFANTIL**

Contidos a traballar durante a actividade

- Poñer en valor o colexio como lugar no que adquirir coñecementos prácticos
- Traballar, investigar e aprender en grupo
- Tomar consciencia do aprendido
- Coñecer que todos os nenos e nenas do mundo teñen dereito a seren escolarizados

Actividade proposta

Primeiramente propoñemos que a mestra ou mestre lea o conto. A historia de Osiño fálanos da importancia de ir o cole para aprender a facer cousas que el aínda non sabe: cocifñar, pintar, facer un mantel..



Ao rematar o conto o mestre poden preguntarllelos nenos e nenas que lles gustou aprender no cole. Que recordan? Isto servirá para analizar que actividades das realizadas na aula aparecen, recordan e cales non.

Despois abriremos un espazo para escoller a actividade a partir do conto. Das cousas que aínda non sabe facer o Osiño cal temos mais ganas de aprender no cole? (estas actividades adaptarémolas a idade dos nenos. Aquí vos deixamos algunhas propostas):

- Facer un pastel ou postre
- Facer roupa para un boneco cunha camiseta vella. Ou un pano para secar as máns.
- Pintar con brochas ou pincel gordo unha parece cuberta de papel.
- Facer un asento con caixas de zapatos pegadas con celo ancho.
- Poñerlle unhas pilas a unha lanterna e ver como encende.

A nos ocorrerónsenos estas actividades a partir das que se suxiren no conto pero vós podeades propoñer outras.

Recomendacións e suxestións

Primeiro preguntarlle os nenos que saben sobre esta actividade?

Cal é o coñecemento previo e entre todos pensar onde podemos atopar máis información se é preciso.

Tamén é importante facer unha listaxe do material que nos fará falta e.... unha vez que teñamos todo claro.... soamente queda facela e o máis importante: APRENDER E DIVERTIRSE


Por cuatro esquinitas de nada *(Jérôme Ruillier. Editorial Juventud)*

Tema do conto: O diferente

Nivel proposto: INFANTIL / 1º CICLO PRIMARIA

Contidos a traballar durante a actividade

- A integración do diferente
- Abrir a escola a comunidade
- Descubrir que moitas veces os nenos e nenas teñen dificultades ou non poden ir á escola por diferentes motivos, un deles sufriren algunha discapacidade física, sensorial ou psíquica



Actividade proposta

Cadradiño non podía entrar a xogar cos seus amigos redondiños xa que a porta da casa grande era redonda e a as esquinas de cadradiño batía coas esquinas. El esforzábbase por cambiar pero o problema non era el senón a porta!

Propoñémosvos que pintedes un mural grande cunha porta enorme sobre un gran anaco de papel continuo con todo aquilo que normalmente queda fora da porta da escola e que nos gustaría que puidese entrar. Exemplos: os avós, os amigos do verán, a panadeira do barrio, os nosos irmáns pequenos...

Catarina, o Oso e Pedro (Christiane Pieper. Kalandraka)

Tema do conto: Superación das barreiras dunha discapacidade coa axuda dos amigos. A integración dentro do grupo

Nivel proposto: 1º CICLO PRIMARIA

Contidos a traballar durante a actividade


- A integración do diferente
- Recoñecer o valor das outras persoas a pesar das diferenzas
- O dereito á educación para todos e todas

Actividade proposta

Catarina o Oso e Pedro van de viaxe en busca de aventuras. Nesta actividade como no conto os nenos e nenas desplazaranse xogando e trouleando pero ademais o rematar a súa aventura atoparán un TESOURO.

Este xogo ten dúas fases a da preparación dos tesouros e a segunda de busca. Primeiramente faranse varios grupos. Cada grupo esconderá un pequeno tesouro e terá que facer un mapa para atopalo. Durante a preparación do trazado os nenos e nenas terán que escoller aqueles camiños polos que poidan pasar tódolos compañeiro sen dificultade.

Na segunda fase cada grupo terá que atopar un tesouro e seguir as pistas!!



Cierra los ojos (Victoria Pérez Escrivá e Claudia Ranucci. Thule)

Tema do conto: Superación das barreiras dunha discapacidade coa axuda dos amigos. A integración dentro do grupo

Nivel proposto: 2º CICLO PRIMARIA

Contidos a traballar durante a actividade

- Desenvolver actitudes contrarias á violencia, os estereotipos e prexuízos, recoñecendo o valor de todas as persoas a pesar das diferenzas.
- Fomentar a autoestima persoal e a empatía cara outras persoas
- O dereito á educación para todos e todas

Actividade proposta

Facer unha caixa onde metamos obxectos.

Primeiro todos os definen normalmente por como son. Despois do exercicio defínilos usando os outros sentidos, tentando poñernos no lugar da outra persoa.

